



BOP

MARTES, 26 DE ABRIL DE 2022

N.º 094

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO. AUGAS DE GALICIA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Parque Eólico de Buio, SL, solicita de Augas de Galicia un caudal de 262,8 m³/ano de augas procedente dun pozo, no lugar de Cruces, na parroquia de Rúa, no concello de Cervo (Lugo), con destino a uso sanitario. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A27.70100

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE:	Parques Eólicos de Buio, SL
VOLUME MÁXIMO ANUAL:	262,8 m ³ /ano
CAUDAL INSTANTÁNEO:	0,08 l/s
DESTINO:	sanitario nas instalacións do parque eólico
ORIXE:	pozo
LUGAR:	Cruces
PARROQUIA:	Rúa
CONCELLO:	Cervo

Descrición:

As augas cáptanse mediante un pozo na parcela de referencia catastral 27013A071003770000R, dende onde se conducen ata o centro de xestión da subestación do parque eólico e Buio, situado na mesma parcela, a uns 21 m do pozo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Cervo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 30 de abril de 2022.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo (P.S. Resol. Dirección Augas de Galicia 18/08/2021) - O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte - Néstor Rodríguez Arias.

R. 0936

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Resolución do 29 de marzo de 2022, da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción, e se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urxente ocupación, da instalación eléctrica "Cambio de ubicación do C.T. 11920 Sargadelos e soterramento da L.A.T. 20kV Espiñeirido_1 (VANO 3009993199) V.2 ", no concello de Cervo (Exp. 2021/23 A.T.)

Examinado o expediente instruído a instancia da empresa Begasa, con enderezo para os efectos de notificación en Aller Ulloa, Ramón María, Num 9, 27003 Lugo aprécianse os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Con data 1 de marzo de 2021, a citada empresa solicita a autorización administrativa previa e de construción e a declaración de utilidade pública, en concreto, para a instalación eléctrica “Cambio de ubicación do C.T. 11920 Sargadelos e soterramento da L.A.T. 20kV Espiñeirido_1 (VANO 3009993199) V.2 ”, no concello de Cervo, presentando o preceptivo proxecto das instalacións a que fai referencia o Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 27 de decembro do 2000, núm. 310), que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e xuntando a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE do 27 de decembro de 2013, núm. 310) e o artigo 143 do Real decreto 1955/2000, antes citado.

Segundo.- O proxecto someteuse a información pública para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, mediante resolución desta xefatura territorial do 31 de xaneiro de 2022. Esta resolución foi publicada no diario El Progreso do 9 de febreiro de 2022, no BOP de Lugo do 11 de febreiro de 2022 e no DOG do 9 de febreiro de 2022, no taboleiro de anuncios da citada xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Cervo. Con esta resolución inseríase a relación de bens e dereitos afectados.

Así mesmo, practicouse notificación individual aos interesados incluídos na referida relación de bens e dereitos afectados.

Terceiro.- Enviáronselles separatas relativas ao proxecto aos diferentes organismos afectados e cumpríronse os trámites establecidos no artigo 127 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Cuarto.-Durante o trámite de información pública non se presentaron alegacións

Quinto.-Persoal dos servizos técnicos desta xefatura territorial emitiu informe favorable sobre a solicitude obxecto deste expediente, de acordo co disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro. Igualmente, unha vez revisado sobre o terreo o trazado da liña eléctrica proxectada, infórmase polos referidos servizos técnicos que non se dá ningunha das limitacións para a imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica ás que se refire o artigo 161 do Real decreto 1955/2000, en relación co artigo 58 da Lei 24/2013, sobre as fincas incluídas na relación de bens e dereitos que foi obxecto de información pública e sobre as que a empresa beneficiaria non chegou a un acordo amigable cos seus propietarios.

A este feitos son de aplicación os seguintes

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-A esta xefatura territorial correspóndelle resolver sobre a presente solicitude. de acordo coas competencias que resultan do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e tendo en conta o Decreto 9/2017 do 12 de xaneiro (DOG n.º. 22 do 1 de febreiro), sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e a Lei 24/2013, do 26 de decembro do sector eléctrico.

Segundo.-No expediente cumpríronse os trámites sinalados no artigo 53 da citada lei 24/2013, e os regulamentarios previstos nos capítulos II e V do título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Terceiro. Á vista do informe técnico e do resto da documentación que figura no expediente, considérase que procede a autorización da instalación eléctrica.

Cuarto.- Sen prexuízo do anterior, cómpre ter en conta que consonte ao artigo 151 do citado Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, en calquera momento a empresa beneficiaria e os titulares dos necesarios bens e dereitos poden convir un mutuo acordo, causando a correspondente conclusión do expediente expropiatorio.

De acordo co exposto e en virtude das competencias que ten atribuídas, esta xefatura territorial

RESOLVE:

Primeiro. Conceder a autorización administrativa á empresa BEGASA para o establecemento da instalación eléctrica denominada “Cambio de ubicación do C.T. 11920 Sargadelos e soterramento da L.A.T. 20kV Espiñeirido_1 (VANO 3009993199) V.2”, no concello de Cervo, coas seguintes características técnicas principais:

- Centro de transformación prefabricado Sargadelos, cunha potencia máxima de 630 kVA e unha potencia instalada de 50 kVA, no que se instalan dúas celas de liña e unha de protección, e relación de transformación de 20.000/400 V.
- Soterramento dun tramo da LAT aérea Espiñeirido 1 a 20 kV, de entrada e saída ao CT Sargadelos proxectado, cunha lonxitude de 155 m en condutor RHZ1 240 mm, con orixe e fin nos apoios 1 e 2 proxectados nos que se instalarán conversións de aéreo a soterrado. Retensado do condutor existente entre o apoio 1 proxectado e o apoio 234824 existente (59 m), e entre o apoio 2 proxectado e o apoio 234821 existente da LAT Espiñeirido 1 (62 m).

- Desmantelamento do CT 11920 Sargadelos existente e do treito da LAT aérea Espiñeirido 1 que se soterra, entre o apoio 1 e o 2 proxectados.

Segundo. Conceder a autorización administrativa de construción para a execución do proxecto da instalación eléctrica “Cambio de ubicación do C.T. 11920 Sargadelos e soterramento da L.A.T. 20kV Espiñeirido_1 (VANO 3009993199) V.2 ”.

Terceiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica obxecto do presente expediente, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou da adquisición dos dereitos afectados e a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa. Por isto, en cumprimento do disposto neste artigo, acórdase que polo representante da Administración se dea comezo, na data e hora que a cada interesado se lle notificará individualmente, ao levantamento das actas previas á ocupación dos predios contidos na relación de bens e dereitos publicada no diario El Progreso do 9 de febreiro de 2022 , no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 11 de febreiro de 2022 e no Diario Oficial de Galicia do 9 de febreiro de 2022, expostas no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Cervo. Así mesmo, faise constar que ata o momento do levantamento das actas previas, poderanse formular as alegacións que se consideren oportunas, aos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens afectados que foi obxecto de publicación nos medios e nas datas anteriormente referidos. Estas alegacións deberanse presentar por escrito perante esta Xefatura Territorial de Economía, Empresa e Innovación, (Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70, 27071, Lugo).

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

Primeira. As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e cos planos que figuran no proxecto “Cambio de ubicación do C.T. 11920 Sargadelos e soterramento da L.A.T. 20kV Espiñeirido_1 (VANO 3009993199) V.2 ” presentado pola empresa BEGASA

Segunda. O petionario asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que se manterán as condicións regulamentarias de seguridade con carácter permanente.

Terceira. Deberase cumprir canto establece a lexislación técnica de liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, de acordo co Real Decreto 223/2008, do 15 de febreiro, así como, de ser o caso, a lexislación aplicable ás instalacións de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, ademais do resto de normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

Cuarta. Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a autorización previa desta xefatura territorial.

Quinta. O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Sexta. Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirllle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada ante o Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen pertinente.

Lugo, 29 de marzo de 2022.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0937

CONCELLOS

COSPEITO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO

SUMARIO

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de crédito n.º 02/2022 do Orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito financiada con anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións orzamentarias.

TEXTO

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 28 de marzo 2022, sobre transferencia de crédito financiada con anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións orzamentarias, co seguinte detalle:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
453	21000	Infraestructuras e bens naturais	30.000,00	23.000,00	53.000,00
		TOTAL	30.000,00	23.000,00	53.000,00

2º. Financiamento

Esta modificación finánciase con anulacións ou baixas de créditos doutras aplicación orzamentarias, nos seguintes termos:

Baixas ou Anulacións en Partidas de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
161	12100	Abastecemento de agua.- Complemento de destino	6.730,16	6.000,00	730,16
312	13000	Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde.- Retribucións básicas	13.780,20	13.000,00	780,20
312.	16000	Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde.- Seguridade Social	4.900,00	4.000,00	900,00
		TOTAL	25.410,36	23.000,00	2.410,36

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Cospeito, 22 de abril de 2022.- O alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 0955

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO

SUMARIO

Acordo do Pleno do Concello de Cospeito polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de créditos n.º 1/2022 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario financiado con anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións orzamentarias.

TEXTO

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 28 de marzo 2022, sobre crédito extraordinario financiado con anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións orzamentarias, co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
231	600	Inversiones en terrenos	0,00	35.000,00	35.000,00
454	61900	Otras inversiones de reposición de infraestructuras y bienes destinados al uso general.	0,00	16.898,74	16.898,74
		TOTAL		51.898,74	51.898,74

2º. Financiamento

Esta modificación finánciase con anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións orzamentarias, nos seguintes termos:

Baixas ou Anulacións en Partidas de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito dispoñible	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica					
161	12005	Sueldos del Grupo E	17.152,52	17.152,52	17.152,52	0,00
912	10000	Retribucións básicas	80.175,00	12.824,89	12.824,89	67.350,11
912	16004	Seguridade Social; Cargos adicación exclusiva	23.603,76	4.073,85	4.073,85	19.529,91
920	12004	Sueldos del Grupo C2	18.716,10	18.716,10	17.847,48	868,62
		TOTAL BAIXAS	139.647,38	52.767,36	51.898,74	87.748,64

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Cospeito, 22 de abril de 2022.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 956

GUITIRIZ

Anuncio

CORRECCION ERROS MATERIAIS, NA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE 2 AUXILIARES DE XERIATRÍA E 1 COCIÑEIRO/A DO CENTRO DE DÍA COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE. EXPTE 255/2020.

Visto que en data 19 de abril de 2022 se publicou no BOP de Lugo nº 88 o anuncio da lista definitiva de admitidos/as e excluídos no expediente de selección de 2 auxiliares de xeriatria e 1 cociñeiro/a do centro de día como persoal laboral fixo mediante concurso oposición.

Visto que con posterioridade á publicación se detecta que se cometeu un erro de transcripción no referente ás datas de exame.

Visto que conforme prescribe o art 109.2 da le 39/2015 de, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais e de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

Corrección de erros

Rectificar o erro, onde pon << A data de constitución do Tribunal será o xoves 2 de xuño:

- O día 2 de xuño de 2021 ás 8,30 h na Secretaría do Concello de Guitiriz para as dúas prazas de auxiliar de xeriatria. Conforme á base 7.1 da convocatoria, en dita data o Tribunal procederá á valoración dos méritos das aspirantes.
- O día 2 de xuño de 2021 na Secretaría do Concello de Guitiriz para a praza de cociñeiro. Conforme á base 7.1 da convocatoria, en dita data o Tribunal procederá á valoración dos méritos das aspirantes.

Convocatoria de admitidos/as e excluídos.

Convócase ás persoas aspirantes para a realización da parte teórica da primeira proba da fase de oposición, o exame tipo test, na aula Cemit do Concello de Guitiriz (R/ do Concello nº 42, detrás da Casa Habanera):

- O día 04 de xuño de 2021 ás 10.00 h para as dúas prazas de auxiliar de xeriatria.
- O día 04 de xuño de 2021 ás 12:00 h para a praza de cociñeiro.>>

Debe poñer:

A data de constitución do Tribunal será o xoves 2 de xuño:

- O día **2 de xuño de 2022** ás 8,30 h na Secretaría do Concello de Guitiriz para as dúas prazas de auxiliar de xeriatria. Conforme á base 7.1 da convocatoria, en dita data o Tribunal procederá á valoración dos méritos das aspirantes.
- O día **2 de xuño de 2022** na Secretaría do Concello de Guitiriz para a praza de cociñeiro. Conforme á base 7.1 da convocatoria, en dita data o Tribunal procederá á valoración dos méritos das aspirantes.

Convocatoria de admitidos/as e excluídos.

Convócase ás persoas aspirantes para a realización da parte teórica da primeira proba da fase de oposición, o exame tipo test, na aula Cemit do Concello de Guitiriz (R/ do Concello nº 42, detrás da Casa Habanera):

- O día **04 de xuño de 2022** ás 10.00 h para as dúas prazas de auxiliar de xeriatria.
- O día **04 de xuño de 2022** ás 12:00 h para a praza de cociñeiro.

Publicidade da resolución

Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos, na páxina web e sede electrónica municipais e no BOP de Lugo, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Guitiriz, 20 de abril de 2022.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0938

LUGO

Anuncio

Exposición ao público

A través do Decreto número 3781/2022 de 4 de abril, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de marzo de 2022, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 13 de abril ata o 13 de maio de 2022 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 4 de abril de 2022.- A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores. Olga López Racamonde.

R. 0953

MEIRA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 20 de abril do 2022, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 1º. **bimestre do exercicio 2022**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 20 de abril do 2022 ao 20 de xuño do 2022.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interperse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 20 de abril do 2022.- O alcalde accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 0939

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 11 de abril do 2022 prestou aprobación ao PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO PARQUE DE COBAS de Monforte de Lemos.

Sométese o devandito proxecto ó trámite de información pública por un período de quince días hábiles mediante a publicación de anuncios no BOP, para os efectos de presentación de alegacións. De non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación será elevada a definitiva sen máis trámite, segundo o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Monforte de Lemos, 22 de abril de 2022.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 0954

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE MARZO 2022.

Por Resolución de alcaldía do 18 de abril de 2022 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 13 de maio de 2022 ao 13 de xullo 2022**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 13 de maio de 2022 ao 13 de xullo de 2022**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcurrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde.

A Pontenova, 19 de abril de 2022.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0940

O VICEDO

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do Presuposto deste Concello correspondente ao exercicio de 2021, expónse ao público por prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o informe emitido pola Comisión Especial de Contas o día 19 de abril de 2022. Durante este prazo e oito días máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, as cales serán examinadas pola devandita Comisión, que practicará cantas comprobacións considere necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas a consideración do Pleno do Concello, para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas, de conformidade co disposto no artigo 212.3.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O Vicedo, 20 de abril de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0941

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
COFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/05776/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Ayuntamiento de Láncara

Nombre del río o corriente: Manantial Fuente Cabana

Punto localización: Monte de Armea, parroquia de Armea

Término municipal y provincia: Láncara, Lugo

Caudal concedido: 0,2 l/s

Destino: Abastecimiento de Vilela de Arriba y de Abajo

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 13 de mayo de 1997

Registro de Aguas: 6660, Sección A, en el Tomo 0067, hoja número 060

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Láncara** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 11 de abril de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0943

FÉ DE ERRATA:

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo, n.º 092 do 23/04/2022 advírtese erro na data e Nº nos encabezados das páxinas.

Onde dí: VENRES, 22 DE ABRIL DE 2022 Nº 091

debe dicir: SÁBADO, 23 DE ABRIL DE 2022. Nº 092